

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. M^a del Juncal Capín Fonseca

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día catro de agosto do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretaria a secretaria accidental do Concello, D.^a M^a del Juncal Capín Fonseca, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE XULLO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de xullo de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 28 de xullo de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, Ministerio de Facenda, Resolución de 21 de xullo de 2026, pola que se dá cumprimento ao artigo 41.1.a) do Real decreto-lei 17/2014, de 26 de

decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. Boletín Oficial do Estado número 184, de 29-07-2026.

- Consellería de Sanidade, Orde de 22 de xullo de 2026, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G). Diario Oficial de Galicia número 144, do 03-08-2026.

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Resolución de 16 de xullo de 2026, que pon fin ao procedemento de subvencións tramitado en virtude da Orde de 25 de marzo de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A) (Diario Oficial de Galicia número 61, de 1 de abril). Diario Oficial de Galicia número 144, do 03-08-2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 24 ao 31 de xullo 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 555/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 581/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
555/2026	24-07-2026	Iniciar expediente de orde de execución a BMA e ITMA para a xestión da biomasa existente na finca sita en Fontenla, Cambre, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de DEZ DÍAS para que realicen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, de acordo co Art. 82 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común.
556/2026	24-07-2026	Iniciar expediente de orde de execución a JML para a xestión da biomasa existente na finca sita en Piñeiro, Cecebre, Cambre, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de DEZ DÍAS para que realicen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, de acordo co Art. 82 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común.
557/2026	24-07-2026	Aprobar a relación de aspirantes que formarán parte da listaxe para

		posibles nomeamentos interinos de educadores/as sociais por orde de puntuación obtida
558/2026	24-07-2026	Aprobar a modificación do proxecto (Anexo III) para a execución do obradoiro dual de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario – Educativo III", ao abeiro da Orde de 12 de maio de 2026 pola que se modifica parcialmente a Orde de 14 de novembro de 2025, e se efectúa a segunda convocatoria de axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, incorporando ao mesmo a formación complementaria necesaria para achegar como mínimo ao 35% da formación teórica requerida nos contratos de formación, así como a nova denominación dos servizos. Solicitar á modificación da solicitude de subvención presentada ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a execución do proxecto de obradoiro de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo III", ao abeiro da antedita orde.
559/2026	24-07-2026	Baixa de recibos e actuacións posteriores por erro detectado nos recibos correspondentes ás taxas por subministración de auga no 3º e 4º trimestre de 2024; 1º, 2º, 3º e 4º de 2025 e 1º de 2026 por erro na identificación do obrigado tributario. Aprobar as liquidacións ao propietario do inmovible afectado, como substituto do contribuínte.
560/2026	24-07-2026	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico
561/2026	24-07-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención - providenciafacturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2026/T003/000717 - 2026/T003/000833, de data 08.05.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinala nas consideracións quinta e sexta do mesmo, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da area de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude con data 22.06.2026, e os informes emitidos polo administrador do sistema informático con data 16.07.2026. Aprobar as facturas por importe total 274,43 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.
562/2026	24-07-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención - providenciafacturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2026/T003/000897 - 2026/T003/000945, de data 26.05.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración quinta do mesmo, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 22.06.2026. Aprobar as facturas por importe total de 3.368,71 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos anteditos gastos

		con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento
563/2026	24-07-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención- providenciafacturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2026/T003/000632, de data 10.03.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración quinta do mesmo, tendo en conta os informes emitidos polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude con data 22.06.2026. Aprobar as facturas por importe total de 2.348,93 euros Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento
564/2026	24-07-2026	Estimación de alegacións presentas en procedemento sancionador de tráfico
565/2026	24-07-2026	Denegar a MMIS a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 30/01/2026, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios.
566/2026	24-07-2026	Conceder a JMSL a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos tipo A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de Servizos Sociais por orde da coordinadora de Servizos Sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza
567/2026	24-07-2026	Considerar desistida a YMB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 16/12/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
568/2026	24-07-2026	Denegar a MCPS a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 20/05/2026, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios

569/2026	24-07-2026	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2026/C002/000008 SERV, cuxo obxecto é a contratación da inspección regulamentaria de ascensores municipais no ano 2026. Adxudicar o contrato menor á empresa TÜV SÜD ATISAE, S.A.U., co CIF: A28161396, e domicilio R/ Pocomaco, 5ª Avda., Parcela D-12, A Coruña, no prezo ofertado de 392,00€ (sen IVE nin taxas), e 474,32€ (IVE incluído mais taxas), por ser a empresa que fixo a oferta económica máis vantaxosa atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo. Designar responsable do contrato ao arquitecto colaborador, Antonio Rodríguez Fabello, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada
570/2026	24-07-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 28 de xullo de 2026, ás 10.00 horas
571/2026	27-07-2026	Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal de data 30 xullo de 2026
572/2026	28-07-2026	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao segundo trimestre de 2026, no que constan 12.866 recibos por un importe de 643.717,64 euros
573/2026	28-07-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CGV
574/2026	29-07-2026	Nomear a MDAR conserxe telefonista interina adscrita ao departamento de Réxime Interior, encadrada na escala de administración xeral, subescala subalterna, pertencente ao grupo de clasificación profesional: outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación, para a cobertura da vacante, de conformidade co art. 23.2 a) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
575/2026	29-07-2026	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 4.559,52 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS, técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo o 16 de outubro de 2025, polas horas traballadas nos meses de abril, maio e xuño de 2026, dos que 3.603,04 euros corresponden á empregada e 956,48 euros á Seguridade Social, co seguinte detalle: por un importe total de 956,48 euros
576/2026	29-07-2026	Aprobar as facturas e os gastos por importe total de 20.389,84 euros

577/2026	29-07-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
578/2026	29-07-2026	Aprobar as facturas por importe total de 2.641,13 euros
579/2026	30-07-2026	Nomear a IDR administrativa interina adscrita ao departamento de Secretaría, encadrada na escala de administración xeral, subescala administrativa, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "C1", para a cobertura da vacante, de conformidade co art. 23.2 a) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
580/2026	30-07-2026	Aprobar a relación de aspirantes que formarán parte da listaxe para posibles nomeamentos interinos de traballadores/as sociais
581/2026	30-07-2026	Convocar sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico para o venres 7 de agosto de 2026, ás 11:00 horas

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria accidental

Mª del Juncal Capín Fonseca